

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas**

BASES DE SUBVENCIONES PARA CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE PARTICIPEN EN COMPETICIONES FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL PARA O AÑO 2020

**BASES DE SUBVENCIONES PARA CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO
QUE PARTICIPEN EN COMPETICIONES FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR
A NACIONAL PARA O AÑO 2020**

Entre as competencias atribuídas pola lexislación do Deporte de Galicia, a de réxime local e a lexislación sectorial do Estado ás deputacións, atópase o fomento, promoción e difusión do deporte, así como calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Para os efectos destas bases enténdese por actividade deportiva o exercicio físico regulamentado, cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración deportiva autonómica. Distinguirase entre modalidade deportiva e especialidade deportiva en función das características, da organización e da práctica de cada actividade, así como da súa organización federativa.

Primeira. Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto regular as axudas destinadas a clubs deportivos sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra para apoiar a súa participación en ligas e competicións oficiais de ámbito inferior a nacional para o ano 2020, convocadas por organismos oficiais ou por federacións deportivas galegas nas modalidades con implantación na provincia de Pontevedra.

A través destas bases réxense as subvencións para o apoio a clubs deportivos federados de ámbito inferior a nacional, e rexional preferente na modalidade de fútbol, durante a temporada 2019-2020, e no caso dos clubs que participen en competicións por ano natural, na temporada 2020.

Neste ámbito de actuación preténdese colaborar cos axentes sociais comprometidos co obxectivo de fomentar a cohesión do territorio e a igualdade de oportunidades en materia deportiva, con independencia das condicións persoais de cada cidadá ou cidadán e do lugar da provincia onde resida.



Segunda. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria, e convocarase con cargo á aplicación 20/340.3410.489.23 do Orzamento da Deputación para o ano 2020 por un importe total de seiscientos mil (600.000,00) euros, dos cales cincocentos mil (500.000,00) euros serán para o deporte federado de ámbito inferior a nacional e cen mil (100.000,00) euros para rexional preferente.

O orzamento inicial de 500.000,00 € poderá ampliarse segundo a dispoñibilidade orzamentaria ata un máximo de 100.000,00 €, segundo o artigo 58 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Terceira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Cuarta. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2020 e cumprindo o establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Quinta. Entidades beneficiarias

Poderán optar a estas subvencións os clubs deportivos federados que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación, así como non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa Deputación
- A modalidade practicada polos clubs deportivos federados ten que ter implantación na provincia de Pontevedra
- Estar inscritos no Rexistro de Asociacións Deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei



Non poderán beneficiarse destas subvencións os clubs deportivos que teñan pendentes de xustificar subvencións concedidas no ano 2019 para o mesmo programa.

Sexta. Gastos subvencionables

De conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da finalidade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre mulleres e homes e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actuacións que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade entre xéneros ou á violencia de xénero.

O orzamento financiable está composto polos seguintes gastos subvencionables:

- Gastos federativos, entendendo como tales os gastos necesarios para a participación das entidades nas competicións deportivas, licenzas, inscricións en competición oficiais, mutualidades, seguros deportivos e outros seguros contratados relacionados coa actividade subvencionada, gastos de arbitraje, as e os comisarios e xuíces deportivos etc.
- Gastos de vestimenta deportiva do club ou entidade
- Produtos básicos de farmacia/botica de primeiros auxilios
- Gastos relacionados co transporte e medios de transporte utilizados para asistir a adestramentos e competicións
- Gastos de mantemento e aloxamento
- Gastos relacionados co material deportivo non inventariable, agasallos e trofeos
- Gastos de ambulancias ou servicios sanitarios
- Gastos relacionados co aluguer de instalacións deportivas (luz, auga, gas...), aluguer de vehículos e material deportivo para o desenvolvemento de adestramentos ou competicións
- Gastos derivados da contratación de persoal, incluídos salarios, cotas da Seguridade Social e retencións do IRPF practicadas
- Gastos relacionados coa publicidade e a xestión administrativa da competición (teléfono, imprenta e material administrativo)

Sétima. Lugar e prazo de presentación

Esta convocatoria é incompatible coas convocatorias de categoría nacional e categoría náutica do Servizo de Deportes e cada club poderá presentar unha única solicitude dunha modalidade deportiva concreta.



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

No caso de presentar a solicitude de forma presencial requiriráselle que a emende mediante a presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

O prazo de presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e rematará o día 09 de marzo de 2020.

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos polas administracións públicas:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes
- DNI ou NIE da persoa representante legal do club
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás entidades a presentación dos documentos correspondentes.

Novena. Documentación

As entidades solicitantes deberán achegar coa solicitude, na que se inclúen orzamento de gastos, declaración responsable e datos bancarios, a seguinte documentación:

— Unha certificación da federación galega ou española correspondente, na que se detallen os criterios de valoración específicos e previstos no cadro da base 12.^a destas bases (anexo II). Excepcionalmente, aqueles clubs de modalidades deportivas que se desenvolvan durante o ano natural deberán presentar o certificado da federación correspondente ao ano 2019. No caso de que non se poida presentar o mencionado certificado, a ou o representante legal do

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5D6S1B0BYHRA3JX7



club deberá achegar unha declaración xurada cos datos reflectidos na base 12.^a destas bases para competir no referido ano, e no momento da xustificación deberá presentar o certificado da federación correspondente.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e a súa emenda

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectualos electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada que no prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

Décimo segunda. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva, tendo en conta para a adxudicación das subvencións os seguintes criterios:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	PONDERACIÓN
1. Número de licenzas federativas na temporada actual	45	45 %
2. Ámbito da competición do equipo de referencia	20	20 %
3. Número de categorías na temporada actual	15	15 %
4. Número de licenzas femininas na temporada actual	10	10 %
5. Posesión de licenzas de deporte adaptado	10	10 %

1. Número de licenzas federativas na temporada actual

De 1 a 10	5 puntos
De 11 a 15	10 puntos
De 16 a 25	15 puntos
De 26 a 50	20 puntos
De 51 a 75	25 puntos
De 76 a 100	30 puntos
De 101 a 125	35 puntos
De 126 a 150	40 puntos
> 150	45 puntos

2. Ámbito da competición do equipo de referencia

Autonómico	20 puntos
Provincial	15 puntos
Comarcal	10 puntos
Local	5 puntos



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

3. Número de categorías na temporada actual

Prebenxamín	2 puntos
Benxamín	2 puntos
Alevín	2 puntos
Infantil	2 puntos
Cadete	2 puntos
Xuvenil	2 puntos
Sénior	2 puntos
Veterano	1 puntos

4. Número de licenzas femininas na temporada actual

De 1 a 10	2 puntos
De 11 a 25	4 puntos
De 26 a 50	8 puntos
> 50	10 puntos

5. Posesión de licenzas de deporte adaptado

Non posuír licenzas	0 puntos
Posuír licenzas	10 puntos

A concesión destas subvencións é compatible coas doutras administracións públicas que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do orzamento que presente o club.



Décimo terceira. Instrución do procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales fará un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base 12.^a, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS.

Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e informe-proposta.

Posteriormente a comisión de valoración das solicitudes de subvención realizará un estudo do informe-proposta do xefe do Servizo. Este órgano colexiado estará composto por:

— *Presidente*: o deputado delegado da área de Deportes ou a persoa a quen designe

— *Vogais*: dous membros do persoal técnico do Servizo de Deportes e un do persoal técnico do Servizo de Intervención

— *Secretaría ou secretario*: unha o un funcionario do Servizo de Deportes, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

- Obter cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe das solicitudes de subvención

A concesión das subvencións levarase a cabo a través do procedemento de concorrencia competitiva establecido no artigo 24 da LXS.

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

O acto de resolución do procedemento será obxecto de publicación e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Logo de transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de solicitudes sen notificar a resolución as persoas interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo cuarta. Publicación de actos

Publicarase no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, a resolución do procedemento coas entidades admitidas e excluídas.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.



Décimo quinta. Xustificación e pagamento

Unha vez notificadas as subvencións concedidas os clubs beneficiarios deberán xustificalas da seguinte maneira:

- Se a modalidade deportiva se corresponde coa temporada 2019-2020 xustificaranse dentro dos 3 meses seguintes desde que remate a temporada, en todo caso ata o 31 de decembro de 2020
- Se a modalidade deportiva se corresponde coa temporada 2020 (ano natural) xustificaranse ata o 31 de marzo de 2021

Para aboar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>):

a) Conta xustificativa (anexo III) na que se relacionarán os conceptos dos gastos por un importe igual ou superior á subvención concedida pola Deputación, mais as axudas solicitadas e recibidas doutras administracións públicas, tal como se establece no artigo 24.1.B.f. da Ordenanza xeral de subvencións

b) Memoria deportiva do cumprimento da subvención outorgada, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos na temporada

c) Os clubs que reciban subvencións por un importe superior a 1.500,00 € deberán acreditar a difusión do financiamento a través de calquera medio probatorio (prensa, valados, pancartas, vestimenta deportiva, páxina web...)

d) Facturas ou documentos análogos polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios e o prezo total de cada unidade

e) Os clubs que acheguen unha declaración xurada cos datos reflectidos no punto 12 destas bases deberán presentar o certificado da federación correspondente

Para aboar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada polo club.

Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles aos beneficiarios preferiblemente antes da presentación da xustificación da subvención pero, en todo caso, deben aboarse no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.



Os beneficiarios das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.

No caso de clubs que non contén cunha contabilidade os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.

Para proceder ao cobro da subvención os clubs deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Facenda galega (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación.

Décimo sexta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas con cargo ao Orzamento provincial teñen as seguintes obrigas:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións

b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, ademais da realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención. O prazo para a realización da actividade subvencionada será, para a temporada 2018-2019, ata o final desta, e no caso da temporada 2019, ata o 31 de marzo de 2020

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, achegando tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores

d) Dispoñer dos libros contables, os rexistros dilixenciados e os demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, ademais de cantos estados contables e rexistros específicos esixan as bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control

f) Realizar as medidas de difusión oportunas. Os logotipos oficiais que se deben inserir están dispoñibles en www.depo.gal (área de descargas/imaxe corporativa).



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

Décimo sétima. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, de ser o caso, o establecido na prórroga sen que o club beneficiario presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que a presente no prazo improrrogable de quince días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo oitava. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas, entre outros, polos seguintes motivos:

- Obtelas falseando as condicións requiridas
- Non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- Incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

Décimo novena. Protección de datos

Os datos persoais recaudados neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos, segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésima. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun mes, un recurso de reposición perante o órgano que as ditou, que se entenderá como desestimado se este período transcorre sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 5D6S1B0BYHRA3JX7



Xoves, 13 de febreiro de 2020

Núm. 30

En todos os casos os prazos contarán a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.

Vixésimo primeira. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, nas Bases de execución do Orzamento provincial par ao exercicio 2020, na LXS e na demais lexislación de desenvolvemento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 5D6S1B0BYHRA3JX7

